**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Concello de Arzúa

# A C T A Nº 2019/4

## *SESIÓN ORDINARIA DO PLENO*

***-Martes, 30 DE ABRIL DE 2019-***

No día de hoxe, ás 20:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria do Pleno.

PRESIDE:
José Luis García López

ASISTEN:
(De Alternativa por Arzúa)
María del Carme Torreiro González
Alfonso Carril Guerra
Aurora Varela Duro
Miguel Angel Vallo Camba
Andrés David Pérez Ferreira
María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)
Jesús García Rodríguez
Alfonso Lodeiro Regueiro
Evangelina María Orois Conde
Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)
Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTT)
José Ignacio García Couso

SECRETARIA:

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Rebeca Vázquez Vázquez
INTERVENTORA:
Olga Castro Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

**1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en datas **1 de marzo e 3 de abril de 2019** e ao non producirse ningunha, o Presidente somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resultan aprobadas por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2.- DITAME COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS ECONOMÍA E FACENDA DE DATA 25/04/2019 SOBRE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2019.**

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión de Contas de data 25 de abril de 2019:

**PRIMEIRO.-** Desestimar a reclamación presentada polo concelleiro J. Inacio García Couso concelleiro da Corporación de Compromiso por Galicia presentada con rexistro de entrada n.º 771 en data 25/03/2019 por falta de lexitimación para presentación de dita reclamación con motivación non fundamentos xurídicos informados no contido do informe que consta nos considerandos.

**SEGUNDO.-** Desestimar as reclamacións presentada spor Rafael Rivadulla Varela como veciño do concello en data 28/03/2019 por sede electrónica rexistro 201999900000046 con fundamento no informado por secretaría e intervención no informe cuxo contido se reproduce nos considerandos deste acordo a dictaminar.

**TERCEIRO.-** Aprobar definitivamente o orzamento municipal de 2019 aprobado inicialmente polo pleno municipal en sesión de data 1/3/2019 e



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

insertar anuncio no BOP para a súa entrada en vigor unha vez publicado en aplicación do disposto no artigo 169 do TRLRHL aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. García Couso (CxG) para manifestar:

- Que el só vai facer referencia a alegación que el presentara a cal se rexeita en base a lexitimidade da súa persoa para poder facer esa reclamación.
- Que na Comisión de Contas expliclaronlle as razóns xurídicas para a desestimación da reclamación que presentara, cas cales non está dacordo.
- Que os motivos da reclamación, independentemente da súa lexitimidade ou non, seguen ahí. Os orzamentos non prevén ningunha partida para investimentos en saneamento e abastecemento de auga, que é un dos servizos obrigatorios do Concello e que desgraciadamente o concello non presta a todos os veciños.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar: que con respecto a este punto vaise abster, xa que hai un informe de intervención e secretaria, o que non quere dicir que non estea a favor de que a xente, tanto sexa un veciño como un membro da corporación, presenten alegacións, porque ela tamén votou en contra dos orzamentos.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que vanse abster, ainda que esta de acordo co manifestado pola concelleria do PSdeG-PSOE.

*Do alcalde para indicar que se remite os informes tanto de intervención como secretaria, e non ten nada mais que engadir.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votacion este punto da orde do día, adoptándose, por 7 votos a favor de AxA, 5 abstencións (4 do PP e 1 de PSdeG-PSOE) e 1 en contra de CxG, o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar a reclamación presentada polo concelleiro J. Inacio García Couso concelleiro da Corporación de Compromiso por Galicia presentada con rexistro de entrada n.º 771 en data 25/03/2019 por falta de lexitimación para presentación de dita reclamación con motivación non fundamentos xurídicos informados no contido do informe que consta nos considerandos.



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**SEGUNDO.-** Desestimar as reclamacións presentada spor Rafael Rivadulla Varela como veciño do concello en data 28/03/2019 por sede electrónica rexistro 201999900000046 con fundamento no informado por secretaría e intervención no informe cuxo contido se reproduce nos considerandos deste acordo a dictaminar.

**TERCEIRO.-** Aprobar definitivamente o orzamento municipal de 2019 aprobado inicialmente polo pleno municipal en sesión de data 1/3/2019 e insertar anuncio no BOP para a súa entrada en vigor unha vez publicado en aplicación do disposto no artigo 169 do TRLRHL aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

**3.- DACION DE CONTA DECRETO DA ALCALDÍA 220/2019 DE REVOGACION DE PARTE DA DELEGACION EFECTUADA DAS COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta de dito decreto de data 21 de marzo de 2019, cuxo contido é o seguinte:

<<**Descrición Decreto:** Revogación de parte da delegación efectuada das competencias de Alcaldía en materia de contratación na Xunta de Goberno local .

**DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA )**

Visto decreto desta Alcaldía de data 8/7/2015 no que en uso das facultades outorgadas polos artigos 23 .2 letra b) e 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e 29.2 e 36 do Regulamento órganico municiipal , delegou na Xunta de goberno local as seguintes atribucións:

“ 9.- As contratacións de obras, de suministros, de servizos , de xestión de servizos públicos así como os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio , salvo cando se trate de contratos menores en materia de obras servizos e subministros “.

Visto o artigo 116 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Séctor Público



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

no que se sinala que o expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación motivando a súa necesidade ...”.

Visto o artigo 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público no que se regula para contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000€ e para os contratos de suministros e servizos de valor estimado inferior a 35.000€ unha tramitación especial do procedemento aberto simplificado , no que non se preve a apertura de ofertas por mesa de contratación e retrasa o procedemento de contratación o feito de ter que elevar ó órgano de contratación Xunta de goberno local a proposta de adxudicación .

Considerando que a revogación das competencias delegadas en materia de contratación por esta Alcaldía na Xunta de goberno local, para actos administrativos tales como incoación do expediente de contratación e realización de proposta de adxudicación no procedemento simplificado regulado no artigo 159.6, responde o principio de racionalización e axilidade dos procedementos administrativos así como de eficacia, eficiencia na asignación de recursos públicos ( evitando convocatorias extraordinarias do órgano Xunta de goberno para axilizar os procedementos de contratación ) principios recollidos no artigo 3 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Régimen jurídico del Séctor Público .

Polo presente en aplicación do artigo 9.6 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Régimen jurídicos del Séctor público , e 31.7 do Regulamento orgánico municipal

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Revogar das competencias delegadas en materia de contratación por esta Alcaldía na Xunta de goberno local, a delegación realizada para actos administrativos de incoación de todos os expedientes de contratación competencia desta Alcaldía e realización de proposta de adxudicación no procedemento simplificado regulado no artigo 159.6. competencia desta Alcaldía.

**SEGUNDO .-** Esta revogación terá efectos dende o día seguinte ao da data deste decreto.

**TERCEIRO**.-Publicar este acordo no BOP dando conta expresa o Pleno municipal na primeira sesión que celebre >>

Quedando todos os presentes enterados de dito decreto.

**4.- DACION DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE XUSTIFICACIÓNS ASIGNACIÓNS GRUPOS POLÍTICOS CORRESPONDENTE AO ANO 2018.**



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Dáse conta do informe de intervención de data 25 de abril de 2019, cuxo contido é o seguinte:

**<<1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS**

O presente informe emítese ao abeiro do establecido nos artigos 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no Real decreto 128/2018, e no disposto na base 55 de execución do orzamento municipal.

A base 55 de execución do orzamento establece que a documentación xustificativa dos gastos financiados coa asignación municipal será remitida á Intervención Municipal para a emisión dun informe a cerca do cumprimento do marco normativo regulador, do que se dará conta ao pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre con posterioridade á súa emisión.

**2. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local
- Artigos 23 a 29 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986.
- Lei orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos
- Acordo do pleno do 28 de agosto de 2015, polo que se fixa a asignación aos grupos políticos municipais nunha contía fixa de 200 euros e unha contía variable de 10 euros por concelleiro

Igualmente terase en conta o artigo 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o cal exclúe do ámbito de aplicación desta lei as asignacións que perciban os grupos políticos.

**3. CONSIDERACIÓNS**

Ao amparo do establecido na base 55 de execución do orzamento municipal, a Alcaldía ditou resolucións de data 191/2018 de data 16/03/2018, na que se aprobou e ordenou o pagamento das asignacións correspondentes ao ano 2018.

O importe aboado a cada grupo político foi o seguinte:

GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA POR ARZÚA: 3.240 €



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

GRUPO POLÍTICO PARTIDO POPULAR: 2.880 €

GRUPO POLÍTICO MIXTO (PSdG-PSOE e CxG -CCTT): 2640 €

## 4. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Os tres grupos políticos municipais xustificaron o emprego das asignacións económicas do anos 2018 mediante a cumprimentación do modelo de declaración responsable elaborado por esta intervención, segundo o previsto na base 55 de execución do orzamento, sen prexuízo de que deban de conservar as facturas e documentos xustificativos do gastos realizados.

O emprego dos fondos, segundo a declaración formulada por cada grupo, destinouse aos gastos previstos na dita base 55, tendo a seguinte desagregación:

| CONCEPTO | IMPORTES TOTAIS (€) |
|---|---|
| GRUPO ALTERNATIVA POR ARZÚA | |
| Gastos de correos | 30,03 |
| Enerxía eléctrica | 113,17 |
| Algueres | 1.600 |
| Declaracións tributarias modelo 115 | 533 |
| Gastos xestoría | 184,66 |
| Gastos relacionados coa conta bancaria | 36 |
| TOTAL | 2.496,86 |
| INGRESADO | 3.340 |
| **A REINTEGRAR/COMPENSAR** | **743,14** |



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

| CONCEPTO | IMPORTES TOTAIS |
|---|---|
| GRUPO PARTIDO POPULAR | |
| Algueres | 2.448 |
| Declaracións tributarias modelo 115 | 456 |
| Gastos relacionados coa conta bancaria | 97 |
| Gastos de xestoría | 184,66 |
| TOTAL | 2.779,4 |
| INGRESADO | 2.880 |
| A REINTEGRAR/COMPENSAR | 0 |

| CONCEPTO | IMPORTES TOTAIS |
|---|---|
| GRUPO MIXTO | |
| Aluguer | 1.585 |
| Publicidade, imprenta, papelería... | 1.061,44 |
| TOTAL | 2.646,44 |
| INGRESADO | 2.640 |
| A REINTEGRAR/COMPENSAR | 0 |

Os grupos municipais do Partido Popular e Alternativa por Arzua xuntan a maiores coa declaración responsable un extracto bancario que recolle a totalidade do movemento da conta durante o período.



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

**5. CONCLUSIÓNS**

De conformidade co exposto infórmase que se cumpriu a obriga de xustificar a asignación aos grupos políticos.

O grupo político Alternativa por Arzúa deberá proceder ao reintegro dos fondos non xustificados na contía de 743,14 €, polo que cómpre que polo órgano municipal correspondente se proceda ao inicio do expediente de reintegro de fondos.

Recórdase ao Pleno da Corporación que segundo o establecido no artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.>>

Quedando todos os presentes enterados do contido íntegro de dito informe.

**5.- SORTEO MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO E ELECCIÓNS MUNICIPAIS A CELEBRAR O DÍA 26 DE MAIO DE 2019.**

Pola secretaria en aplicación do artigo 25 nº 1 e do artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, segundo a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro faise unha explicación os/as concelleiros/as do contido deste punto da orde do día .

Acordandose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo (refirido no nº 2 do artigo 26) o programa informático CONOCE entre as persoas censadas na Sección correspondente, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos.

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

DISTRITO: 01 SECCION 001 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA

Presidente/a: Georgina Gómez Vázquez
Presidente/a suplente 1º: Samuel Longarela Bao
Presidente/a suplente 2º: Maria García Pérez



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Vogal 1º: Antonio David García Sánchez
Vogal 1º suplente 1º: Jesus David García Pérez
Vogal 1º suplente 2º: David Moscoso Sixto

Vogal 2º: Diego Costoya Pampin
Vogal 2º suplente 1º: Monserrat Fragio Tojo
Vogal 2º suplente 2º: Julio Costoya Valiño

DISTRITO: 01 SECCION 001 MESA: B

Presidente/a: Jacobo Valiño Garea
Presidente/a suplente 1º: Amalia Sánchez Cacharron
Presidente/a suplente 2º: Sandra Sánchez Mejuto

Vogal 1º: Jose Manuel Vázquez Mera
Vogal 1º suplente 1º: Julia Vázquez García
Vogal 1º suplente 2º: Carmen Tato Carreira

Vogal 2º: Maria Jose Pardo Mariz
Vogal 2º suplente 1º: Lucia Pampin Mato
Vogal 2º suplente 2º: Alba Souto Montero

DISTRITO: 01 SECCION 002 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE VILLADAVIL

Presidente/a: Juan Mosquera Cid
Presidente/a suplente 1º: Jose Ignacio Regueiro Castro
Presidente/a suplente 2º: Iratxe Rivas Moscoso

Vogal 1º: Josefa García Sánchez
Vogal 1º suplente 1º: Manuel Ramos Rey
Vogal 1º suplente 2º: Angel Jose Jimenez Cruz

Vogal 2º: M. Jesus Villar Rodríguez
Vogal 2º suplente 1º: María Ramos Ramos
Vogal 2º suplente 2º: Maria Josefa Cacharron Rey



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DISTRITO: 01 SECCION 002 MESA: B
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE CAMPO

Presidente/a:Ana Souto Quintas
Presidente/a suplente 1º: Antonio Castro Tato
Presidente/a suplente 2º: José Angel Mosquera Camino.

Vogal 1º:Juan Rey Gómez
Vogal 1º suplente 1º: Miguel Santalla Abel
Vogal 1º suplente 2º: Manuel Torres Paz

Vogal 2º: Maite Perez Crego
Vogal 2º suplente 1º: Jose Manuel Ferro Codesido
Vogal 2º suplente 2º: Sonia Marcos Uria

DISTRITO: 01 SECCION 003 MESA: U
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE CASTAÑEDA

Presidente/a: Martín Lalin Vilar
Presidente/a suplente 1º: Silvia Duro Couso
Presidente/a suplente 2º: Vanesa Valiño Vázquez

Vogal 1º: Lorena Rey Conde
Vogal 1º suplente 1º: Ramón Blanco Mella
Vogal 1º suplente 2º: Manuel Angel Penas Blanco

Vogal 2º: Mª del Pilar Pajaro Camba
Vogal 2º suplente 1º: Sandra Mosteiro Felipez
Vogal 2º suplente 2º: Victor Souto López

DISTRITO: 01 SECCION 004 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL BRANDESO

Presidente/a: María Cruz Vázquez González
Presidente/a suplente 1º:M. Pilar Castelo Otero
Presidente/a suplente 2º: Almudena García Vázquez

Vogal 1º: Sandra Carregal Castelo
Vogal 1º suplente 1º: Jesús García Castro



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Vogal 1º suplente 2º: Ana Isabel García Rey

Vogal 2º: Jose Antonio Fernández Moure
Vogal 2º suplente 1º: María del Carmen Alfonso Morelle
Vogal 2º suplente 2º: Juan J. Villar Regueiro

DISTRITO: 01 SECCION 004 MESA:B
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE BURRES

Presidente/a: Belen Soengas Pereira
Presidente/a suplente 1º: Jose Miguel Pazo Rouco
Presidente/a suplente 2º:Javier Yañez Vázquez

Vogal 1º:Margarita Ramos González
Vogal 1º suplente 1º: M. Carmen Pintor Figueiras
Vogal 1º suplente 2º: Affonso Taboada Rodríguez

Vogal 2º:Mario Rodríguez Carril
Vogal 2º suplente 1º: Ana María Lea Blanco
Vogal 2º suplente 2º: Jesus Vázquez Dieguez

DISTRITO: 01 SECCION 007 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA

Presidente/a: Marcos López Codesido
Presidente/a suplente 1º: Daniel García Aguion
Presidente/a suplente 2º: Mª Luisa Cascon Rey

Vogal 1º: Alba Carril Casanova
Vogal 1º suplente 1º: Jose María Fuentes Segade
Vogal 1º suplente 2º: Fatima Gómez Gil

Vogal 2º: Adrian Benjamin Camino Fernández
Vogal 2º suplente 1º: Soledad Agra Fernández
Vogal 2º suplente 2º:Jose Javier González Fernández

DISTRITO: 01 SECCION 007 MESA: B
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Presidente/a: Jaime Vázquez Villares
Presidente/a suplente 1º: José Angel Tato Rey
Presidente/a suplente 2º: Juan Carlos Martín Mesonero

Vogal 1º: José Luis Rial Souto
Vogal 1º suplente 1º: Esther Machon Aja
Vogal 1º suplente 2º: María Ramos Vázquez

Vogal 2º: Maria del Carmen Villar Valiño
Vogal 2º suplente 1º: Manuel Segade Curros
Vogal 2º suplente 2º: Ramón Jose Pampín Alamancos

Finalizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as nove Mesas Electorais, con motivo das Eleccións ao Parlamento Europeo e Municipais de 26 de maio de 2019, que se celebraran o vindeiro día 28 de abril.

A Corporación Municipal –por unanimidade dos trece membros asistentes (*7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT*)- adoptou o acordo de ratificar o resultado do sorteo realizado.

**6. DACION DE CONTA DE DECRETOS**

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 27/2/2019 ata 24/03/2019 Decretos n.º 165/2019 a 283/2019.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presentan mocións.



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

## 7. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. García Couso de CxG que quere facer unha pregunta, relativa a unha acción do goberno que foi polas parroquias levando uns planos con respecto a proposta de modificación de cualificación de solos rústicos. Pregunta: ¿Os veciños que teñen acceso a eses documentos poden presentar alegacións, e en que termos se poden presentar as mesmas?

Contesta o Sr. alcalde:
-Que os veciños teñen oportunidade de novo de facer unha solicitude en base a se ven algún fallo.
- Que estase expoñendo ademais da proposta de modificación de cualificación de solos rústicos o inventario de camiños, e con respecto aos dous temas poden presentar propostas para correxir erros se os houbera ou facer calquera outra proposta.

Ás 20:37 horas non hai máis asuntos que tratar.

Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, martes 30 de abril de 2019

| | |
|---|---|
| A secretaria,<br><br>Rebeca Vázquez Vázquez | O alcalde,<br><br>José Luis García López |



FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/06/2019 09:35:00) , José Luis García López (FECHA: 06/06/2019 10:11:00)
Versión imprimible
CVD: 1QkdDGM2UCNR0D3wZ/Tf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.